

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Escenificación
DISCIPLINA	Escenificación III
TITULACIÓN	Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Carmen Labella Rivas
DOCENTE	Nome e apelidos: Daniel González Salgado Horario titorías: http://www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&tit=Titorías Despacho: Departamento de Dirección escénica e dramaturxia Contacto: danisalgado@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Análise da escenificación nas diversas formas espectaculares, incluído o espectáculo audiovisual. Diferentes linguaxes e disciplinas artísticas para a creación escénica interdisciplinaria.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Escenificación I. Escenificación II.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego. Castelán. Portugués. Inglés.
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T12	Adaptarse, en condicións de competitividade, aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento das ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.

X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar e intercultural.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.	
ED4	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.	
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
ED6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Afondar na linguaxe da escenificación audiovisual.		Todas
2. Coñecer o proceso completo de preproducción, produción e postproducción audiovisual.		Todas
3. Practicar algunha modalidade de creación audiovisual.		Todas
4. Analizar os principios básicos da escenificación en formas espectaculares non teatrais nin cinematográficas.		Todas
5. Estudar e deseñar a posta en escena de espectáculos que primen a performatividade, a linguaxe corporal, a interdisciplinariedade e o traballo colaborativo.		Todas
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
BLOQUE 1 (A ESCENIFICACIÓN AUDIOVISUAL)		
1. A análise de obras audiovisuais	1.1 Estrutura 1.2 Eixes conceptuais 1.3 Interaccións 1.4 Modelización	5
2. A linguaxe audiovisual	2.1 Imaxe fotográfica 2.2 Encadramento 2.3 Encadramento móbil 2.4 Duración 2.5 Montaxe 2.6 Son	5
3. A escenificación audiovisual	3.1 O desenvolvemento argumental no modelo clásico 3.2 Formas dramatúrxicas non clásicas 3.2.1 A forma categórica 3.2.2 A forma retórica 3.2.3 A forma abstracta 3.2.4 A forma asociativa 3.3 Estilos na escenificación audiovisual	5
BLOQUE 2 (A CREACIÓN AUDIOVISUAL)		

4. O guión	4.1 O guión literario 4.2 O guión técnico 4.3 Formatos	5
5. Preproducción, produción e postproducción	5.1 Planificación 5.2 Equipo e localizacións 5.3 Reparto 5.4 Rodaxe 5.5 A dirección actoral 5.6 Montaxe 5.7 Difusión	5
BLOQUE 3 (ESCENIFICACIÓN E POSTA EN ESCENA NOUTROS ESPECTÁCULOS E LINGUAXES)		
6. A escenificación en artes afíns a teatro e cinema	6.1 A arte de acción 6.2 O espectáculo musical 6.3 Espectáculos de arte efémera	10
7. Posta en escena e escenificación no teatro físico	7.1 Performatividade e teatro físico 7.2 O teatro físico contemporáneo 7.3 Mimo e traballo con máscara 7.4 Técnicas e procedementos no teatro físico	10
8. Posta en escena e escenificación en obras de creación	8.1 O proceso de posta en escena en traballos colaborativos 8.2 A creación teatral interdisciplinar	15
TOTAL SESIÓNS		60

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	5		5
Exposición maxistral	15		15
Exposición práctico-teórica	10		10
Práctica individual	10	40	50
Práctica colectiva	20	40	60
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias	5	15	20
Outros			
Titorías individuais	10		10
Titorías de grupo	5		5
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	5		5
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	85	95	180
PORCENTAXE	47,2 %	52,8 %	

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Avaliación inicial	Sondaxe dos coñecementos do alumnado na linguaxe audiovisual, no teatro

	físico e na escenificación aplicada a diversas artes do espectáculo.	
Exposición maxistral	Exposición de contidos referidos á metodoloxía da análise audiovisual, a creación audiovisual e a escenificación e posta en escena no teatro físico e en diversos espectáculo non dramáticos.	
Exposición práctico-teórica	Análise de obras teatrais, audiovisuais e doutros espectáculos.	
Práctica individual	Análise da escenificación en obras de diverso formatos. Proxección e realización dun proxecto audiovisual. Planificación dun proxecto escénico de libre elección.	
Práctica colectiva	Análise colectiva de escenificacións.	
Titorías individuais	Asesoría no proxecto escénico persoal.	
Titorías colectivas	Asesoría na xestión do proxecto audiovisual.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Recursos metodolóxicos a respecto da dirección audiovisual	Apoio no proceso individual de adquisición de competencias na dirección de proxectos de creación audiovisual.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise audiovisual e escénica	Todas	30%
Proxecto de creación escénica	Todas	50%
Proxecto de creación audiovisual	Todas	20%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise audiovisual e escénica	Todas	30%
Proxecto de creación escénica	Todas	50%
Proxecto de creación audiovisual	Todas	20%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise audiovisual e escénica	Todas	30%
Proxecto de creación escénica	Todas	50%
Proxecto de creación audiovisual	Todas	20%
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
Referencias básicas		
<p>CALLERY, D. (2014): <i>Through the body. A practical guide to physical theatre</i>, Nick Hern Books.</p> <p>CASSETTI, F. & DI CHIO, F. (2007). <i>Cómo analizar un film</i>. Paidós.</p> <p>MURRAY, S. & KEEFE, J.(2007). <i>Physical theatres. A critical introduction</i>, Routledge.</p> <p>THORPE, J. & GORE, T. (2020). <i>A beginner's guide to devising theatre</i>. Methuen.</p>		
Referencias complementarias		
<p>BICÂT, Tina e BALDWIN. Chris (ed.) (2013): <i>Devised and collaborative theatre. A practical guide</i>, Crowood.</p> <p>BORDWELL, David & THOMPSON, Kristin (1995): <i>El arte cinematográfico. Una introducción</i>, Paidós Ibérica.</p> <p>COUSINS, Mark (2012): <i>Historia del cine</i>, Blume.</p> <p>HODGE, A (ed.) 2010): <i>Actor training</i>, Routledge.</p> <p>KATZ, Steven D. (1991): <i>Film directing. Shot by shot</i>, Sheridan Books.</p> <p>LECOQ, J. (2003): <i>El cuerpo poético</i>, Alba.</p>		

MARNER, Terence St. John (2011): *Cómo dirigir cine*, Fundamentos.
McKEE, Robert (2007): *El guión*, Alba.
SCHINCA, M. (2002): *Expresión corporal. Técnica y expresión del movimiento*, Praxis.
TIRARD, Laurant (2003): *Lecciones de cine*, Espasa.
TIRARD, Laurent (2008): *Más lecciones de cine*, Espasa.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo atraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Para a **asistencia a titorías débese falar previamente co profesorado, co fin de pactar o día e a hora do encontro.** Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición por correo electrónico. Será respondida tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

O alumnado que se presente aos **exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá **contactar previamente co profesorado** que imparte a materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente.

Manteranse medidas de prevención da Covid-19 en todos os espazos de traballo, como a hixiene das mans e a ventilación regular dos espazos pechados. Así mesmo activaranse os protocolos que especifique a Administración educativa no caso de ser necesario.

IMPORTANTE: Para a superación da materia, o alumnado deberá ter **aprobadas todas e cada unha das ferramentas de avaliación** arriba indicadas.

Para máis información respecto ao calendario do curso, datas de exames ou horarios de clase:

<https://esadgalicia.com/curso-escolar/>